

PROPOSTAS DIDÁCTICAS PARA SECUNDARIA

Estas propostas pretenden aportar unha serie de "ideas" susceptíbeis de ser aproveitadas polo profesorado deste nivel, de cara á celebración do 8 de marzo nos centros de ensino.

O obxectivo é propiciar a reflexión na aula acerca da realidade do "sexismo" e as súas múltiples manifestacións na nosa sociedade, moitas dos cales poden entrañar certo grao de "violencia" ou "maltrato" cara o sexo feminino. Para axudar aos alumnos e alumnas a detectalas e a ser críticos con elas, proferimos un debate en torno a dúas preguntas motivadoras, ao que irán asociadas varias actividades.

1ª pregunta: ¿O QUE É UNHA ACTITUD SEXISTA? Entre todos e todas buscaremos unha definición consensuada coa orientación do profesorado que pode aportar palabras chave (desprezar, ignorar, criticar, valorar prexulgando en razón do sexo...)

ACTIVIDADE 1:

Elaborar (en grupos de 3 ou 4) unha lista de ideas previas sexistas (Ex: *as mulleres son débiles, non están preparadas para traballos duros, sacan o traballo aos homes...*)

Valorar como verdadeiro ou falso cada ítem do listado anterior, en grande grupo e achar as porcentaxes separando rapaces e rapaces.

¿Danse en sentido inverso? Repetir o exercicio con ideas preconcebidas dos homes que tamén sexan "sexistas" (Ex: *os rapaces son todos uns brutos, non teñen sentimentos*) e comparar resultados.

Debater sobre as motivacións destas ideas (o peso da tradición, os roles sociais...) e extraer conclusións.

2ª pregunta: ¿QUE EJEMPLOS ATOPAMOS NA NOSA VIDA COTIÁ DE ACTITUDES SEXISTAS?

Poderíanse atopar en moitos ámbitos pero centrarémonos en dous: a linguaxe e os medios de comunicación.

ACTIVIDADE 2:

Elaborar listados con adxectivos aplicados a rapaces e rapazas, e valorar a imaxe de cada sexo que subxace e as connotacións positivas ou negativas que transmiten (Ej: *rapaza: sensíbel, lista, doce, descarada / rapaz: seguro, intelixente, duro, rebelde*).

¿Que connotacións e significados teñen os adxectivos e insultos que as mozas e os mozos utilizan para se referir aos seus compañeiros e compañeiras?

ACTIVIDADE 3:

Reflexionar sobre o papel da muller nos medios de comunicación (ignorada ou ausente nos espazos "serios", maltratada e humillada nos de entretemento, silenciada, pois se contan as cousas desde unha visión masculina).

Detectar casos deste "maltrato" cara a muller na TV, por diversos motivos: por presentar unha imaxe denigrante do sexo feminino, por empregar a violencia verbal cara as mulleres con descualificacións xeneralizadas, por usar ás mulleres como reclamo sexual para aumentar audiencia (Ex: Crónicas Marcianas, Tómbola...)

ACTIVIDADE 4:

Na publicidade abundan as mulleres reclamo/obxecto. Tamén hai anuncios que mostran uns roles masculino e feminino que perpetúan a discriminación. Ex: o tipo duro, triunfador, xefe de familia admirado e servido pola súa muller que é ama de casa ou traballadora sen ambicións.

Recompilar por grupos de 3 ou 4 persoas anuncios que conteñan imaxes ou mensaxes sexistas e expolos ao resto analizándoos .

Traer de casa anuncios de prensa ou revistas que destaquen por mostrar á muller como obxecto (Ex.: *moi frecuentes nos de tabaco ou alcohol*).

Analizar os seguintes anuncios e detectar a "perversión" principal de cada un ou o estereotipo "feminino" que pretende destacar:

?? OLIMPO: "¿En que se fixan primeiro as mulleres? Na gravata, no cinto ou na carteira?" [interese económico]

?? ACERALIA (unha muller conducindo un deportivo): "Es tan forte e protector. Síntome tan segura ao teu lado...oxalá os homes fosen coma ti" [necesidade dun macho protector]

?? FRENADOL: unha rapaza agacha á súa amiga o medicamento para evitar que esta poida acudir a unha cita con un rapaz que lle gusta [envexa, maldade]

?? BOCATTA: unha compañeira de traballo tápalle a boca, con un bocata a outra que está destripando a unha terceira porque "se puxo silicona" e imaxínaa facéndolle confesar que pasou polo quirófano nunha máquina de tortura [chismorreio, frivolidade]

?? REIG MARTI: "as nórdicas están de moda...porque son quentes na cama"; en alusión a unha famosa modelo que aparece de lombos [cosificación, obxecto sexual]

ACTIVIDADE 5: Establecer un debate a partir da seguinte cita motivadora

"Se Eva escribise a Xénese, ¿como sería a primeira noite de amor do xénero humano?"

Eva comezaría por aclarar que ela non naceu de ningunha costela, nin coñeceu a ningunha serpe, nin ofreceu mazás a ninguén e que Deus nunca lle dixo que parirás con dor e o teu home che dominará. Que todas esas historias son puras mentiras que Adán contou á prensa."

("Patás enriba. A escola do mundo ao revés".Eduardo Galeano. Século XXI)